

Cinco conceptos básicos para ser pais de adolescentes

1. Amor e conexión

Os adolescentes necesitan que os seus pais desenvolvan e manteñan unha relación que lles ofrezca apoio e aceptación, mentres acomodan e afirman a súa crecente madurez.

2. Controlar e observar

Os adolescentes necesitan que os pais estean ao tanto das súas actividades, incluíndo o desempeño escolar, actividades extraescolares, relación cos seus pares e cos adultos...

3. Guiar e limitar

Os adolescentes necesitan que os seus pais sosteñan unha serie de límites claros pero progresivos, mantendo as regras e os valores familiares importantes, sen deixar de estimular unha maior capacidade e madurez.

4. Dar exemplo e consultar

Os adolescentes necesitan que os pais lles subministren información permanente e apoiem a súa toma de decisións, valores, habilidades e metas, e que os axuden a interpretar e transitar polo mundo, ensinándoo co exemplo e o diálogo continuo.

5. Prover e avogar

Os adolescentes necesitan que os pais lles acheguen non só unha axeitada alimentación, vestimenta, teito e coidados de saúde, senón tamén un ambiente familiar que dea apoio e unha rede de adultos que se preocupe por eles.

Mensaxe clave para pais:

1. Grande parte do mundo dos adolescentes cambia a diario; non deixe que o seu amor por eles o faga.
2. Vixíe a actividade dos seus fillos/ás; vostede aínda pode, e segue tendo influencia sobre eles.
3. Dea máis liberdade aos seus fillos/ás, pero non os solte.
4. Durante a adolescencia, os pais seguen sendo claves e os adolescentes recoñéceno.
5. Vostede non pode controlar o mundo en que viven os adolescentes, pero si pode achegar axuda e diminuír riscos.



Biblioteca do IES Fernando Esquío

Empedrán nº 16
Neda 15572

Visítanos no noso blog:
www.blogfesquio.blogspot.com



Boletín da Biblioteca


Nº18 Curso 2008/9

Especial Guía Familias



A biblioteca é un servizo a disposición non só do alumnado senón de toda a comunidade educativa, por iso dentro do presuposto para a adquisición de fondos para a biblioteca contéplase tamén obras de consulta, referencia e asesoramento sobre os temas que nos preocupan a todos.

Aquí presentamos unha selección de obras de interese para pais de adolescentes, esperamos que sexan de utilidade... E ademais agradeceríamos as vosas suxestións.



De las Heras, J: Rebeldes con causas.

Los misterios de la infancia

Bain, Ouainé y Sanders, M : A plena luz : abusos sexuales en la infancia

De Martín, E: Tender puentes. Una perspectiva para educar y convivir con los adolescentes

Serra, E / Ruano, R: La familia con hijos adolescentes

Fernández, L: Género, valores y sociedad.

Una propuesta desde Iberoamérica

Rué, J: Disfrutar o sufrir la escolaridad obligatoria. Quién es quién ante las oportunidades escolares

Muñoz, J / Güell, M: Ética de la diversidad

Sanchis, R: ¿Todo por amor? Una experiencia educativa contra la violencia a la mujer

Colección Nova Galicia

Míguez Varela, Mª C.: Emocions e sentimentos

Lorenzo Pontevedra, Mª C.: Alcohol

Pereiro Gómez, C: Drogas

Becoña Iglesias, E: Adicción a novas tecnoloxías

Martín González, E: Por que non me entenden meus pais?

Lorenzo Pontevedra, Mª C: Autoestima

Sánchez Mata, LR y PA.: Sexualidade

Barreiro González, P: Estudar mellor-- todo un deporte

VVAA: ¿ Depresión ou felicidade?

